

SEMANA DE ROSALÍA 2022

BASES DO CERTAME DE POESÍA.

A concellaría de Cultura do Concello de Arteixo, a través da Rede de Bibliotecas Municipais ven de convocar o certame anual de poesía adicado a Rosalía de Castro coas seguintes bases:

- 1.- Poderá participar o alumnado dos niveis de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria dos colexios de Arteixo.
- 2.- O tema da poesía será libre e a extensión, limitada a un máximo de vinte (20) versos. O idioma poderá ser galego ou castelán.
- 3.- Haberá tres (3) niveis, un por cada curso proposto, con dous premios cada un. O traballo gañador, elixido entre os primeiros premios de cada nivel, obterá un premio extra consistente nunha tablet. O resto dos premios serán lotes de libros.
- 4.- A data máxima de recollida de traballos será o día 18 de febreiro ás 19.30 horas, na Biblioteca Central de Arteixo "Henrique Rabuñal".
- 5.- Os traballos presentaranse do seguinte xeito: A poesía debe levar o título da mesma e un pseudónimo do autor/a.

Logo, nun sobre pequeno, deben meterse os datos de nome e apelidos con número de teléfono. Nese sobre, por fora, aparecerá o pseudónimo. Poesía e sobre pequeno deberán incluírse nun sobre máis grande para a entrega.

Os colexios que decidan participar, poden enviar os traballos de xeito conxunto nun sobre (por niveis) e unha listaxe de pseudónimos con datos (nome, apelidos e teléfono) das persoas autoras reais.

- 6.- As persoas finalistas, que serán previamente avisadas, presentaranse o sábado día 26 de febreiro, ás 11 da mañá na Biblioteca Central para o recitado do seu poema e un xurado valorará os traballos para repartir os premios. A rapazada non premiada recibirá un libro polo feito de ser finalista.